

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

Seguindo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o **Departamento de Inglés da Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía** acorda levar a cabo as modificacións requiridas para para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, e que se recollen no presente documento.

1. AVALIACIÓN

Criterios de promoción

Con carácter excepcional, aplicarase a avaliación continua para os cursos non conducentes a certificación oficial. A programación do curso 2020/2021 deberá adaptarse a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias de atención á diversidade que garantan a consecución dos obxectivos e contidos que a situación excepcional do curso 2019/2020 lles dificultase adquirir. Para a obtención da cualificación do alumnado teranse en conta os resultados obtidos na proba parcial de progreso, así como a valoración positiva do rendemento e a participación do alumnado na aula. As valoracións das actividades realizadas telematicamente durante o estado de alarma teranse en conta exclusivamente para aumentar a cualificación que tiña o alumnado antes da suspensión das clases presenciais polo estado de alarma.

Nivel A1
Competencias mínimas dos obxectivos específicos
Actividades de comprensión de textos orais
<ul style="list-style-type: none">● Comprender o esencial en situacións da vida cotiá nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas coñecidos.● Seguir unha mensaxe moi breve articulada con claridade, no que se utilicen expresións moi sinxelas.● Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.● Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.
Actividades de produción e coprodución de textos orais
<ul style="list-style-type: none">● Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela.● Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.● Participar en conversas moi básicas sobre temas coñecidos.● Solicitar información básica mediante preguntas sinxelas e directas.
Actividades de comprensión de textos escritos
<ul style="list-style-type: none">● Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.

- **Comprender** instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes ,..)
- **Comprender** o sentido global e localizar información predecible en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.
- **Utilizar** estratexias que faciliten a comprensión recurrido a claves lingüísticas e non lingüísticas.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- **Completar** documentos básicos nos que se solicite información persoal.
- **Tomar notas** a partir dunha información moi sinxela e predecible.
- **Escribir** mensaxes sinxelas con información básica relacionadas con actividades cotiás.
- **Utilizar** elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

Actividades de mediación

- **Repetir** a información básica contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (diálogos e mensaxes breves da vida cotiá) para tentar mediar coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

Nivel B2.1
Competencias mínimas dos obxectivos específicos
Actividades de comprensión de textos orais
<ul style="list-style-type: none"> ● Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor. ● Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
Actividades de produción e coprodución de textos orais
<ul style="list-style-type: none"> ● Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade. ● Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento. ● Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos. ● Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada. ● Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.
Actividades de comprensión de textos escritos
<ul style="list-style-type: none"> ● Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación. ● Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional. ● Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese. ● Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).
Actividades de produción e coprodución de textos escritos
<ul style="list-style-type: none"> ● Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá. ● Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro. ● Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación. ● Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas.
Actividades de mediación
<ul style="list-style-type: none"> ● Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas. ● Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial,

os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

Nivel C1.1

Competencias mínimas dos obxectivos específicos

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprender, independentemente da canle a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, nunha ampla gama de textos orais dunha certa lonxitude, aínda que non estean claramente estruturadas, sobre temas abstractos complexos de carácter público, profesional ou académicos.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Producir e coproducir, independentemente da canle, textos orais claros e o bastante detallados, extensos e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo específicos, conceptual e estruturalmente complexos, nunha variedade de rexistros e estilos estándar, e cunha pronuncia e entoación adecuados á expresión de matices de significado, e un grao de espontaneidade, fluidez e corrección que lle permita comunicarse con eficacia, aínda que poida cometer erros esporádicos que provoquen a incompreensión, dos que adoita ser consciente e que pode corrixir.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender en calquera soporte o sentido dunha comunicación escrita, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións, actitudes e posturas da autoría, en textos escritos conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas diversos de carácter tanto xeral como especializado, profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos extensos, ben estruturados e bastante detallados, sobre unha ampla serie de temas complexos de carácter público, académico ou profesional, utilizando apropiadamente unha ampla gama de recursos lingüísticos propios da lingua escrita e adecuando con eficacia o rexistro e o estilo á situación comunicativa, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Actividades de mediación

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico, adaptando sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e mantendo unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

Criterios de certificación

A avaliación dos niveis de certificación realizarase de acordo cos principios e criterios establecidos no Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficiais dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial e na Circular 8/2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2019-2020.

*Nota: Os niveis A1-A2 e A2 considéranse conducentes á certificación, polo tanto aplica o parágrafo anterior.

2. ADAPTACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

Debido á gran diversidade sociocultural e lingüística que se atopa nas aulas das EEOOI, cada docente é libre de elixir, na medida que estime oportuno, o(s) enfoque(s) metodolóxico(s) necesarios para atender as necesidades dos seus alumnos segundo os recursos didácticos habilitados, suxeitos á dispoñibilidade e ó acceso ós medios, tanto do docente, como do alumnado. Os enfoques metodolóxicos no presentan ningunha modificación.

Os materiais e recursos utilizados polo equipo docente do Departamento de Inglés da EOI Vilagarcía foron:

- Aulas virtuais e transferencia de arquivos en diferentes formatos (texto, audio, vídeo), ligazóns á contido na internet.
- Apoio titorial mediante as aulas virtuais dispoñibles e habilitadas con anterioridade ó estado de alarma, ou postas en funcionamento con posterioridade ó estado de alarma, así como outras ferramentas de comunicación telemática á elección do docente (Edmodo, Cisco, Webex, Zoom, Moodle...), suxeitos á dispoñibilidade e ó acceso ós medios, tanto do docente, como do alumnado.
- As temporalizacións son variables, xeralmente semanais ou quincenais.
- As actividades de lingua traballadas presencialmente tiveron o seu reflexo nas actividades propostas de maneira telemática, tendo en conta a excepcionalidade da situación e os medios técnicos suxeitos á dispoñibilidade e ó acceso ós medios, tanto do docente, como do alumnado.

3. INFORMACIÓN AO ALUMNADO

O profesorado informará a través dos medios de contacto habitual co seu grupo: correo electrónico, aulas virtuais e outras plataformas telemáticas. Información dende o centro mediante CentrosNet (individualizada) e publicación do material na páxina web da escola.